

# REGULAMENTO DA ESCOLA GALEGA DE ALTA MONTAÑA

## CAPÍTULO I - DENOMINACIÓN, OBXECTO E COMPOSICIÓN

### ARTIGO 1 – DENOMINACIÓN

A Escola Galega de Alta Montaña (tamén nomeada E.G.A.M.) é a continuación da “Sección Gallega de la Escuela Nacional de Alta Montaña”, constituída en Vigo o 14 de outubro de 1.962.

### ARTIGO 2 – NATUREZA

A Escola Galega de Alta Montaña é o Comité Técnico Docente da propia Federación Galega de Montañismo (tamén nomeada F.G.M.), que lle compete en exclusiva a ensinanza das distintas disciplinas recoñecidas ao amparo da nosa Federación, tanto para os estamentos de deportistas, como de técnicos/as, como de árbitros/as, xa fora para as persoas e Clubs federados como para a sociedade galega en xeral, tanto en Galicia como no exterior, sempre que as actividades foran promovidas pola nosa Federación.

### ARTIGO 3 – EMBLEMA E ENDEREZO

A E.G.A.M. contará cun emblema propio que figurará en todos os soportes onde interveña directa ou indirectamente. Este emblema terá que conter o logotipo da F.G.M. e calquera que esta ditamine, en cumprimento da normativa oficial só coa Xunta de Galicia.

O enderezo da E.G.A.M. será na sede da F.G.M., ou naquel lugar que esta designe, por razóns de funcionamento.

### ARTIGO 4 – TIPOS DE ACTIVIDADES DA E.G.A.M.

- “Actividades docentes” onde un ou varios técnicos/as activos imparten formación de calquera nivel a outras persoas. Poderá ser formación interna (maioritariamente a técnicos/as da E.G.A.M.), ou externa (a persoas que nada teñen que ver basicamente co noso equipo técnico da E.G.A.M.)
- “Actividades de xestión” que serán as que xunten a distintos técnicos/as para debater ou traballar os asuntos de dirección ou de xestión interna da propia E.G.A.M. (por exemplo a Xuntanza Anual, xuntanzas do Comité Técnico,...). Tamén poderán darse dentro das actividades de “xestión” labores de investigación, nas que un ou máis técnicos/as en activo desenvolvan unha labor propia en beneficio do noso deporte.

### ARTIGO 5 – FIN DA E.G.A.M.

Desenvolvemento en exclusiva de toda a labor docente e investigadora dos deportes descritos nos Estatutos da F.G.M., dende as súas formas máis sinxelas ás máis complexas.

### ARTIGO 6 – NORMATIVA APLICABLE

Funcionará ao amparo da lexislación vixente en Galicia, ao amparo deste propio Regulamento da Escola Galega de Alta Montaña (R.E.G.A.M.), e ao amparo dos Estatutos da Federación Galega de Montañismo.

## CAPÍTULO II - INTEGRANTES

### ARTIGO 7 – CLASES DE TÉCNICOS/AS

Distinguirase as seguintes clases de técnicos/as:



a) **ACTIVOS/AS**, que poden ser os técnicos/as titulados pola F.G.M. (Técnicos/as Federativos/as), ou pola Administración Pública (Técnicos/as Deportivos/as) ao amparo das instrucións dadas polo Ministerio de Educación do Goberno de España, sobre Titulacións de Técnico/a Deportivo na modalidade de Deportes de Montaña; en ambos casos superando as probas de acceso que se ditaminen. Os/as que teñan a consideración de técnicos/as activos, terán voz e voto nas actividades de xestión.

Os técnicos/as en activo poden perder a condición de activo de xeito definitivo ou temporal por algunha das seguintes causas:

#### Causas definitivas

- Por non participar en actividades docentes no prazo de dous anos dende a última vez, agás que estivera implicado/a activamente e directamente nos órganos de dirección ou de xestión da propia E.G.A.M.
- Por non participar, de xeito reiterado, nas actividades de xestión (especialmente na Xuntanza Anual).
- Por vontade propia.
- Por decisión disciplinaria, motivada polo Director/a e aprobada pola Presidencia da F.G.M., polo incumprimento do presente Regulamento ou estatutos da F.G.M., ou en casos de eido superior que perturben o bo nome da E.G.A.M.
- Por non estar federado/a axeitadamente no ano en curso, cando pretenda impartir docencia en calquera das súas formas.

#### Causas temporais:

- Por cumprimento temporal de sanción disciplinaria seguindo os Estatutos da F.G.M., ou en casos de eido superior que perturben o bo nome da E.G.A.M.

b) **DE HONRA**, que serán as persoas que pola significación, méritos relevantes, vinculación ou aportacións de interese para os nosos valores, sexan distinguidos/as con este nomeamento a proposta da Xuntanza Anual de Técnicos/as. Os/as que teñan a consideración de Técnicos/as de Honra, terán voz e non terán voto nas actividades de xestión da E.G.A.M.

c) **EN EXCEDENCIA**, que serán os técnicos/as que voluntariamente pidan esta situación á Dirección da E.G.A.M. e poderán mantela durante un máximo de 3 anos. Non poderán participar como técnicos/as nas actividades de xestión nin docentes. Poderán recuperar a categoría de activo/a en canto o soliciten á Dirección da E.G.A.M. e, se así o considera este, poderáselle solicitar unha reciclaxe e/ou unha proba de avaliación previa.

### **ARTIGO 8 – ASPIRANTE/A, TÉCNICO/A-ASPIRANTE E COLABORADOR/A**

Os “Aspirantes” son aquelas persoas que tras solicitar o acceso na E.G.A.M., e sendo aprobada esta pola Dirección, están nun período de probas determinado.

Cando remataran favorablemente as probas teóricas, prácticas e físicas iniciais, e só lle quedara desenvolver as prácticas docentes correspondentes, serán considerados/as “Técnicos/as-Aspirantes/as” e, só nese caso, xa poderán acudir con voz e sen voto ás actividades de xestión da E.G.A.M., así como ser compensados en gastos, pero nunca en honorarios.

Os “colaboradores/as” son aquelas persoas que pola súa traxectoria persoal motivada ou preparación técnica non incorporada nos perfís propios da E.G.A.M., sexan chamados para desenvolver actuacións concretas e puntuais. Non terán a consideración de membros da E.G.A.M., pero si teñen dereito a ser compensados en gastos e honorarios.

### **ARTIGO 9 – DEREITOS DOS TÉCNICOS/AS ACTIVOS.**

- A ser elixible para os cargos do Comité Técnico, Dirección,... ou para calquera outro órgano de xestión, administración ou consulta que regule este R.E.G.A.M.
- A recibir formación continua periodicamente.
- A posuír unha acreditación persoal que o identifique como técnico/a.
- A ser compensado polos gastos de locomoción e estancia, derivados da participación en actividades, ao amparo do marco legal.
- A ser remunerado polo traballo desenvolvido seguindo o baremo establecido pola F.G.M., ao amparo do marco legal.
- A solicitar bolsas para asistir a actividades de formación continua, ou desenvolver traballos de investigación, no beneficio dos nosos deportes.



- g. A ser escoitado con carácter previo, e informado individualmente sobre calquera cuestión que afecte á súa condición de membro na súa relación coa E.G.A.M.
- h. A participar como docente de xeito equitativo con outros técnicos/as da mesma especialidade.
- i. A participar en todas as actividades de xestión (Xuntanza Anual,...)
- j. A coordinar actividades docentes tras ter participado, cando menos, en dúas actividades docente similares ou iguais, como técnico/a.
- k. Ter voz e voto (non delegable noutro técnico/a) nas actividades de xestión.
- l. Ter roupa individual oficial da E.G.A.M. axeitada ao traballo que desenvolverá.
- m. Contar co material deportivo axeitado para a súa actividade docente, en tempo e xeito.
- n. Poder acudir en formación continua (non con responsabilidade directa de técnico/a na actividade) a calquera actividade formativa que organice a E.G.A.M., sempre coa autorización previa da Dirección e co visto bo propio coordinador/a da actividade docente. Acudir a esta actividade sempre será con matrícula de balde para o técnico/a ou, en casos excepcionais motivados pola Dirección, cun prezo reducido.

#### **ARTIGO 10 – OBRIGAS DOS TÉCNICOS/AS ACTIVOS/AS.**

- a. Cumprir co presente R.E.G.A.M., cos Estatutos da F.G.M., cos acordos da Xuntanza Anual de Técnicos/as, do Comité Técnico, da Dirección, ou do Coordinador/a dunha actividade docente no exercicio das facultades que ten cada quen recoñecidas.
- b. Ter a licenza federativa axeitada do ano en curso.
- c. Prestar a máxima colaboración nas actividades e actos oficiais.
- d. Manter plena capacidade física, técnica e didáctica para poder desenvolver con seguridade e calidade a súa actividade docente.
- e. Adaptarse ás técnicas que ditén a evolución da súa especialidade, especialmente as recoñecidas no “Plan de estudos e formación” axeitado.
- f. Asistir ás formacións continuas que se organicen, así como as actividades de xestión.
- g. Entregar á Escola un informe e documentación orixinal recibida tras asistir, en representación da mesma, a calquera curso ou actividade externa.
- h. Redactar e entregar, en tempo e forma, a memoria da actividade docente que teña encomendadas como coordinador/a, para ser incorporadas no “Rexistro de Memorias das Actividades Docentes”
- i. Actuar co respecto, a dignidade e a intimidade que merecen os outros membros, alumnado ou calquera persoa vencellada á E.G.A.M. e á F.G.M.
- j. Actuar en todo momento cun respecto total cara ó medio ambiente e natureza.
- k. Impartir a docencia para a que fora nomeado ou, en caso de imposibilidade, buscar a outro técnico/a que poda substituílo /a, sempre dando contas á Dirección.
- l. No caso de coordinar unha actividade docente, o/a técnico/a nomeado terá que facer todo o que estivera na súa man para facilitar a labor aos outros técnicos, á F.G.M. e incluso aos propio alumnado. Terá que cumprir, e facer cumprir, o programa previsto do curso.
- m. Exercer a labor propia coa dignidade e respecto que merecen a Escola Galega de Alta Montaña e a institución da Federación Galega de Montañismo.
- n. Velar polo bo uso e estado do material, así como devolver en tempo e forma, o material deportivo, didáctico,... e anunciar calquera problema que puidera atoparse no propio material antes de gardalo.
- o. Propoñer polas canles axeitadas internas da E.G.A.M., cantas ideas e proxectos podan ser consideradas para mellorar a calidade das actividades docentes, e para mellorar a formación e a investigación en calquera acción vencellada cos nosos obxectivos.
- p. Calquera técnico/a que acuda en formación continua (non con responsabilidade directa na actividade) a calquera actividade formativa E.G.A.M. que organice calquera outro técnico/a, deberá de facerse cargo dos seus gastos e poderá ter que, excepcionalmente, prestar calquera servizo que así lle solicite calquera técnico que estivera ao fronte desa actividade, para solventar situacións non previstas inicialmente.
- q. Colaborar na promoción, divulgación e comunicación das nosas actividades por calquera das canles e medios ao alcance de dito técnico/a en activo (redes sociais, conversas no seu Club,...)



## ARTIGO 11 – ACCESO Á E.G.A.M.

1. Contaremos cun número suficiente de técnicos/as para poder cubrir amplamente as súas necesidades, tanto polas necesidades das disciplinas deportivas a traballar, como polas necesidades sobre o territorio galego, condicións de idade dos técnicos/as e de recambio xeracional, inclusión das mulleres na propia E.G.A.M.,...  
Tras un estudo anual de necesidades de técnicos/as, o Comité Técnico fará unha convocatoria de prazas de “técnicos/as federativos”, a través dos clubs federados galegos, pero nunca deberán de pasar máis de tres anos entre unha convocatoria e outra.
2. Coidaremos en extremo a selección de todos os técnicos/as, tanto no aspecto pedagóxico, como técnico, e ético, tendo en conta que exclusivamente temos a base da formación exclusiva de outras persoas, quedando excluído calquera titulación que non sexa exclusivamente formativa de persoas.
3. O ingreso terá que solicitalo voluntariamente as persoas maiores de idade que consideren que teñan capacidade para estar, e que teñan ánimo de querer participar na transformación do noso deporte a través da formación, especialmente nos eidos da seguridade e do rendemento deportivo.
4. Dentro da E.G.A.M. convivirán os tradicionais perfís de Técnico Federativo (abalado pola F.G.M.), e os perfís de Técnico Deportivo de Nivel 2 e 3 (titulación académica de Técnico Deportivo nas Especialidades de Montaña seguindo o RD 1913/1997, RD 318/2000 e o RD 1363/2007); as probas de acceso serán diferentes sempre acorde as condicións pactadas en cada convocatoria, dada a formación previa de cada perfil de Aspirantes.  
No caso das persoas que só conten co título de Certificado de Excursionismo (“Técnico/a Deportivo/a de Nivel 1”), poderán só presentarse ás probas de acceso para Técnicos Federativos e quedarán exentos de facer o exame teórico sobre montañismo xeral, pero terán que someterse ao resto da convocatoria igualmente, agás as probas físicas-técnicas xerais (sempre e cando o curso de TD1 fora aprobado nun prazo máximo de dous anos antes do exame para Técnico Federativo).  
Os técnicos/as en activo, no momento da aprobación deste R.E.G.A.M., que estiveran só en posesión do T.D.1 (ou C.I.M.) terán un período de 2 convocatorias de Técnicos/as Federativos para aprobar o ingreso á E.G.A.M. na especialidade que desexen. En caso de non superala perderán a habilitación para a docencia en montañismo estival e, de non ter outra habilitación na E.G.A.M., serían dados de baixa definitivamente.
5. O período de prácticas obrigatorio será para os:
  - “Técnicos/as Deportivos – Aspirantes” (de Nivel 2 e 3) terán que acudir previamente a un curso da súa especialidade para incorporarse a todos os efectos como “Técnico/a Activo”.
  - “Técnicos/as Federativos – Aspirantes” terán que acudir previamente a dous cursos diferentes da súa especialidade para incorporarse a todos os efectos como “Técnico/a Activo”.Nos curso que teñan que facer no seu período de prácticas os “Técnicos/as-Aspirantes” estes terán dereito a ser compensados en gastos de desprazamento e/ou estancia, pero nunca en honorarios.
6. As probas de acceso para Técnicos/as Federativos/as sempre contarán con, como mínimo, as seguintes probas eliminatorias:
  - Valoración de currículo deportivo acorde á especialidade que soliciten.
  - Valoración teórica sobre montañismo xeral.
  - Valoración deportiva física-técnica sobre montañismo xeral.
  - Valoración teórica sobre a especialidade que soliciten.
  - Valoración práctica sobre a súa capacidade docente.
  - Valoración deportiva sobre a súa capacidade acorde á especialidade que solicite.
  - Período de prácticas.
7. Os requisitos para solicitar o ingreso son sempre e en todo caso:
  - Presentar en tempo e forma a documentación á convocatoria oficial.
  - Ser maior de idade.
  - Posuír 2 licenzas federativas galegas nos últimos tres anos (incluíndo o da convocatoria de prazas para a E.G.A.M.)
  - Ter capacidade solvente de conversa no idioma galego e no idioma español.
8. O traballo de valoración das solicitudes de ingreso serán examinadas durante todo o proceso por un equipo nomeado pola Dirección, no que estará o Coordinador/a correspondente do Comité Técnico designado, que terá que ler os currículos e outra documentación, nomear un equipo avaliador, redactar a convocatoria axeitada, propoñer datas e horas das probas teóricas, prácticas e físicas, supervisar e xerar unha acta motivada cos resultados de ditas probas, supervisar o período de prácticas, e facer unha proposta coa súa decisión obxectiva sobre a idoneidade ou non, do Técnico/a-Aspirante.

## ARTIGO 12 – TITULACIÓNS

As titulacións federativas que impartamos, expedidas pola F.G.M., terán como obxecto dispor dun equipo de persoas suficiente e capaz para desenvolver as labores deportivas propias nos estamentos de técnicos/as e de árbitros/as, nos propios Clubs ou na propia E.G.A.M.

Non formaremos en ningunha titulación que contraveña a normativa legal de Galicia, ou de rango superior que sexa de aplicación no territorio de Galicia.

## CAPÍTULO III - ÓRGANOS RECTORES

### ARTIGO 13 – ÓRGANOS RECTORES

- A Xuntanza de Técnicos/as
- A Dirección
- O Comité Técnico

### ARTIGO 14 – XUNTANZA DE TÉCNICOS/AS

A Xuntanza de Técnicos/as é o máximo órgano de representación e os seus acordos serán tidos sempre en conta. O seu funcionamento é permanente e indefinido.

### ARTIGO 15 – COMPETENCIAS DA XUNTANZA DE TÉCNICOS/AS

É competente nos seguintes temas:

1. Valorar e aprobar o proxecto da E.G.A.M. para a seguinte tempada:
  - a. Proposta de calendario de actividades de xestión e docentes.
  - b. Proposta de compra de material individual e deportivo.
  - c. Proposta de apertura de novas prazas de técnicos.
  - d. Proposta económica xeral (que terá que ser incorporada no seguinte orzamento anual da F.G.M., coas excepcións que o Presidente/a da F.G.M. dispoña).
  - e. Novas proposta non docentes.
2. Valorar e aprobar a memoria do último período:
  - a. Memoria de actividades docentes e de xestión.
  - b. Memoria económica.
  - c. Memoria de últimas incorporacións de técnicos/as.
  - d. Memoria de últimas compras de material.
  - e. Memoria de proxectos non docentes.
3. Elección e nomeamento da Dirección.
4. Aprobación das actas das Xuntanzas anteriores.

### ARTIGO 16 – CLASES DE XUNTANZAS DE TÉCNICOS/AS

- Será Ordinaria ou Anual a Xuntanza que se celebrara obrigatoriamente unha vez ao ano, á que deberán de someterse toda as cuestións antes descritas no artigo anterior. Preferentemente celebraranse, cada vez, en ubicacións diferentes ao longo das catro provincias galegas para achegarnos a todos os puntos do territorio.
- Serán Extraordinarias todas as outras Xuntanzas que se celebren no curso do ano que non sexan Ordinarias.

### ARTIGO 17 – COMPOSICIÓN DA XUNTANZAS DE TÉCNICOS/AS

A Xuntanza, estará composta por todos os Técnicos/as activos (con voz e voto), por todos os Técnicos/as de Honra (con voz e sen voto), e Técnicos/as–Aspirantes (con voz e sen voto).

Sempre estarán convidados o/a Director/a Técnico/a e o/a Presidente/a da Federación Galega de Montañismo, que terán voz pero non voto, e sempre terá que apuntarse na acta oficial o que queiran facer constar.

## **ARTIGO 18 – CONVOCATORIA DAS XUNTANZAS DE TÉCNICOS/AS**

As convocatorias das Xuntanzas de Técnicos/as, tanto ordinarias como extraordinarias, realizáranas o Director/a a iniciativa propia (previa información ao Director Técnico da F.G.M.), a solicitude do Comité Técnico, a solicitude do Presidente/a da F.G.M., ou a solicitude do 25% dos Técnicos/as.

As Xuntanzas de Técnicos/as convocaranse por escrito a todos os técnicos/as, e á propia F.G.M., cunha antelación de 15 días naturais, e será necesario facer constar, entre outros, o obxecto da mesma, a acta anterior, a orde do día, calquera outra documentación que fora de interese coñecer por parte dos Técnicos/as previamente.

Se a Xuntanza é pedida polos técnicos/as, esta deberá ser convocada dentro dos 15 días seguintes á recepción da petición no Rexistro de Entrada da F.G.M., e a celebración non poderá pasar máis aló dos 15 días, e neste caso, na orde do día tanto o Director/a, como o Director/a Técnico da Federación, poderán engadir as súas propostas.

## **ARTIGO 19 – CELEBRACIÓN DA XUNTANZA DE TÉCNICOS/AS**

1. Transcurso e coordinación da Xuntanza; a coordinación será tarefa en todo momento do Director/a; en caso de ausencia do Director/a estará á fronte o membro do Comité Técnico de maior idade (en caso de non ter un voluntario/a do Comité).

Actuará como Secretario/a da Xuntanza o técnico/a que voluntariamente o desexa; en caso de non existir, será o técnico/a máis novo que nunca o fixera antes.

2. Acordos e votacións; os acordos da Xuntanza tomaranse por maioría simple dos asistentes, en caso de empate valerá dobre o voto do Director/a. Cada Técnico/a representa un voto, sen poder delegar este baixo ningún concepto. O xeito de votación será sempre por calquera sistema identificativo do voto, excepto que algún técnico/a pida que sexa secreta.

3. Acta da xuntanza; o Secretario/a levantará acta da Xuntanza e recollerá, hora de comezo e de fin, asistentes á mesma, faltas xustificadas, orde do día e reflectirá fielmente o discutido e o acordado. Nun prazo máximo de 30 días terá que facerlla chegar ao Director/a para que lle de o visto bo e remitirla o antes posible a todos os técnicos/as da E.G.A.M. e á propia F.G.M.

## **ARTIGO 20 – COMITÉ TÉCNICO**

É o órgano consultivo e executivo do Director/a, que representa a xunta directiva da E.G.A.M., e que actuará baixo a dirección do propio Director/a.

Estará composto por 4 técnicos/as en activo, preferentemente de especialidades deportivas diferentes.

O Comité Técnico será nomeado á máxima brevidade tras o nomeamento definitivo do Director/a por parte do Presidente da F.G.M., polo propio Director e será comunicado inmediatamente ao Director Técnico e Presidente da F.G.M., así como a todos e cada un dos membros da Xuntanza de Técnicos/as.

O mandato do Comité Técnico será tan extenso como o do propio Director.

## **ARTIGO 21 – COMPETENCIAS DO COMITÉ TÉCNICO.**

Con carácter xeral, son competencias do Comité Técnico todas as decisións e actuacións vencelladas co goberno diario que non queden reservadas por este regulamento a Xuntanza de Técnicos/as ou ao propio Director/a.

Competencias específicas do Comité Técnico:

- Elaboración da documentación para estudo e análise que trasladar á Xuntanza de Técnicos/as.
- Elaboración da documentación para estudo e análise que trasladar á F.G.M.
- Creación, regulación e seguimento dos órganos internos do propio Comité Técnico, en forma de comisións, xefaturas,... para desenvolver detalladamente as distintas áreas de actividades e responsabilidades.
- Tomar decisións urxentes inaprazables, das que se teñen que dar conta na seguinte Xuntanza de Técnicos/as.
- Calquera outra encomendada pola Xuntanza de Técnicos/as ou polo propio Director/a.
- Desenvolver as súas propias áreas de traballo en coordinación co Director/a.



- En caso de ausencia do Director/a, de non ter un substituto/a voluntario no Comité Técnico, o técnico/a máis veterano/a que forme parte do Comité o substituirá ata a reincorporación do Director/a, ou ata que fora convocada unha Xuntanza de Técnicos para escoller un novo Director/a, no menor tempo posible.

## ARTIGO 22 – COMPOSICIÓN DO COMITÉ TÉCNICO

Formará parte o Director/a e catro técnicos/as en activo máis, a decisión do mesmo Director/a.

Todos os membros do Comité Técnico terán que:

- Participar nas tarefas de goberno do Comité Técnico, facilitando a súa opinión, consello e informe sobre todas as cuestións obxecto de debate emitindo o seu voto, cando a decisión se tome por este procedemento.
- Desenvolver calquera responsabilidade que lle encomende o Comité Técnico ou o Director/a, xa sexa formando parte de calquera comisión ou desenvolvendo un mandato concreto.

Estrutura do Comité Técnico; obrigatoriamente terá un coordinador/a de cada área seguinte.

- Responsable de “formación continua e novos ingresos de técnicos/as”.
- Responsable de “coordinación de estudos”.
- Responsable de “coordinación deportiva”.

Funcións do/a Coordinador/a de formación continua e novos ingresos de técnicos/as.

- Velará pola formación continua técnica, deportiva e didáctica de todo o equipo da E.G.A.M.
- Velará pola suficiente dotación humana do equipo da E.G.A.M. e propondrá a posta en marcha, e seguimento, dos procesos de ingreso.
- Todas as que lle encomende o Director/a da E.G.A.M. ou o Comité Técnico.

Funcións do Coordinador/a de estudos.

- Velar pola calidade pedagoxía impartida nas actividades didácticas que se desenvolvan.
- Establecer e supervisar os plans de estudos e recompilar documentación.
- Calquera outra actividade que tenda a mellorar a calidade pedagóxica e homoxeneizando do traballo de Escola.
- Todas as que lle encomende o Director/a da E.G.A.M. ou o Comité Técnico.

Funcións do Coordinador/a deportivo.

- Potenciar o desenvolvemento e organización das distintas especialidades deportivas.
- Recompilación e difundir os avances que se produzan, tanto no material como nas técnicas das distintas especialidades.
- Organización de actividades anuais de cada disciplina.
- Todas as que lle encomende o Director/a da E.G.A.M. ou o Comité Técnico.

## ARTIGO 23 – DIRECTOR/A

É o representante da Escola Galega de Alta Montaña da Federación Galega de Montañismo, a todos os efectos.

Será membro da Xunta Directiva da Federación Galega de Montañismo, e dependerá, como o resto das vogalías da F.G.M., organicamente do Presidente e funcionalmente da Dirección Técnica.

Terá que ser unha persoa preocupada pola xestión diaria, así como polo desenvolvemento das diferentes actividades, e con ánimo de chegar a acordos e desenvolver un traballo bo para os federados/as, Clubs e a propia Federación Galega de Montañismo, así como para o deporte en xeral.

## ARTIGO 24 - ELECCIÓN DO DIRECTOR/A

O Director/a será nomeado entre todos os técnicos/as activos presentes na Xuntanza de Técnicos/as, e poderá ser ou ben por proposición dun terceiro con aceptación explícita, ou ben por autoproposición entre todos os técnicos/as en activo que estiveran presentes. Posteriormente farase a votación por calquera sistema que identifique o voto, de non ser que alguén solicite que sexa de xeito secreto.



O Director/a será o candidato/a máis votado/a e unha vez proclamado terá que ser presentado pola Dirección Técnica da F.G.M. á Presidencia, quen terá que refrendalo ou non (sempre de xeito motivado). En caso de ser rexeitado o candidato/a, terase que convocar de novo a Xuntanza de Técnicos/as e volver a votar un novo candidato/a.

O mandato do Director/a esgotarase co do Presidente/a da F.G.M. e terá un período de mandato exposto por el/ela mesmo na propia Xuntanza de Técnicos na que é elixido/a (cun máximo catro anos), renovables con outro proceso de elección.

#### **ARTIGO 25 – COMPETENCIAS DO DIRECTOR/A**

1. Acudir ás Xuntas Directivas da F.G.M., así como se o demanda o Presidente/a acudir ás Asembleas, Comisións Delegadas,...
2. Dirixir, en última instancia, as actividades docentes e de xestión que se desenvolvan, así como ao equipo de técnicos/as que coordine as actividades individuais.
3. Impulsar o traballo en equipo, e individual, dos técnicos/as.
4. Recoñecer publicamente o traballo de cada técnico/a.
5. Representar á E.G.A.M., e aos técnicos/as, en cada actividade política ou técnica que requira representación.
6. Supervisar o cumprimento dos obxectivos.
7. Elaborar a memoria anual e o proxecto anual a presentar na Xuntanza de Técnicos/as.
8. Facilitar o traballo entre todas e cada unha das vogalías da F.G.M. e a propia E.G.A.M., para acadar os obxectivos da F.G.M.
9. Ser o nexo de traballo e comunicación coa “Escuela Española de Alta Montaña”.
10. Publicar as convocatorias de acceso á E.G.A.M. para Técnicos/as Federativos e/ou Deportivos.
11. Manter informado en todo momento ao Director/a Técnico da F.G.M. das propostas técnicas, así como ao Presidente/a das xestións e proxectos políticos.
12. Coordinar e dirixir as sesións do Comité Técnico, ou de non ser delegadas, a de calquera comisión.
13. Exercer como elemento executivo tendo en conta para isto a prerrogativa de tomar todas aquelas decisións urxentes, de rutina ou excepcionalidade, informando prontamente ao Comité Técnico.
14. Asinar os distintos recoñecementos de asistencia, aptitude, credenciais,... das actividades docentes propias.
15. Facilitar a coordinación dos técnicos/as nas diferentes áreas xeográficas e das distintas especialidades.
16. Representar á F.G.M. diante de calquera órgano superior no eido da formación de carácter público ou privado, no territorio de Galicia, ou exterior sempre dando conta previamente ao Presidente/a da F.G.M.
17. Calquera outra que lle fora asignada polo Presidente/a da F.G.M.

#### **ARTIGO 26 – CESE DO DIRECTOR/A**

Por calquera dos motivos seguintes:

1. Esgotamento do período polo que foi proposto.
2. Revogación pola Presidencia, con causa motivada.
3. Por estar inmerso en causa de inelixibilidade.
4. Dimisión.

#### **ARTIGO 27 – MOCIÓN DE CENSURA**

A moción de censura terá que propoñela o 50% dos técnicos/as, de forma razoada, indicando os criterios que levaron á mesma.

#### **ARTIGO 28 – RÉXIME DISCIPLINARIO.**

A E.G.A.M. rexerá polo regulamento disciplinario da F.G.M., e polas normas de rango superior no eido deportivo.

#### **ARTIGO 29 – RÉXIME DOCUMENTAL.**

Utilizarase en toda a súa documentación sempre a lingua galega exclusivamente.

Haberá que contar coa elaboración e mantemento puntual do seguinte material documental:





1. “Rexistro de técnicos/as”, que consistirá nun arquivo onde estean todos os técnicos da E.G.A.M., onde figuren, como mínimo, os seguintes datos:
  - Nome e apelidos
  - Enderezo, correo-e, teléfono móbil,...
  - Club federado de pertenza
  - Especialidade/s deportiva e tipo de técnico (deportivo ou federativo)
  - Data de ingreso e de cese
  - Actividades desenvolvidas
  - Situación dentro da E.G.A.M.
  - D.N.I.
  - Data de nacemento

A estes datos engadiráselles toda a documentación presentada no momento do ingreso, así como posteriores actualizacións de currículo.

2. “Rexistro de Actas”, procederase a levantar acta de cada unha das Xuntanzas de técnicos/as, que serán incorporadas ao arquivo para a súa aprobación, na Xuntanza seguinte.
3. “Rexistro de Memorias das Actividades Docentes”, cada coordinador/a de cada actividade docente terá que obrigatoriamente facer unha breve memoria explicativa onde figure, entre outros:
  - Nome da actividade.
  - Data, horario e lugar de desenvolvemento.
  - Meteoroloxía durante a actividade.
  - Técnico/a coordinador/a e outros técnicos e aspirantes asistentes.
  - Nome e DNI das persoas inscritas, e dos participantes finais.
  - Programa desenvolto.
  - Material deportivo e/ou docente utilizado (roturas).
  - Copia da convocatoria elaborada previamente.
  - Resultados finais (en caso de requirir avaliación).
  - Orixinal dos exames teóricos e/ou prácticos (en caso de requirir avaliación).
  - Incidencias.
4. “Plan de Estudos e Formación”, disporase actualizado e homoxeneizado un documento cunha liña de traballo común e pormenorizada en cada unha das especialidades, de obrigado cumprimento para todos os técnicos/as e que poderá ser revisada anualmente e aprobada na “Xuntanza de Técnicos/as”
5. “Álbum fotográfico”, contarase cun álbum fotográfico reservado, de todas as actividades docentes ou de xestión que desenvolva onde queden recollidos o grupo participante no seu conxunto, así como os momentos máis importantes do desenvolvemento da actividade. Neste álbum non poderán tomarse fotos de persoas que indicaron expresamente que non desexan saír nelas.

A toda esta información anterior ten que ter acceso, en calquera momento, tanto o Presidente/a como o Director/a Técnico.

## CAPÍTULO IV - APROBACIÓN E CAMBIOS NO REGULAMENTO

### ARTIGO 30 – APROBACIÓN E CAMBIOS NO REGULAMENTO

Os cambios neste Regulamento serán propostos pola Dirección ao Presidente/a da F.G.M. e, en caso de ser aprobada por este, pasará a ser revisada e aprobada se cabe, pola Comisión Delegada.

A Comisión Delegada poderá propoñer a introdución de cambios no futuro Regulamento, e o Presidente/a decidirá sobre a súa conveniencia contando co apoio do Director/a da E.G.A.M.

### DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor no momento de ser aprobado pola Comisión Delegada da Asemblea Xeral, e quedará derrogado calquera regulamento anterior.

Aprobada e selada en xuntanza da Comisión Delegada da Federación Galega de Montañismo do 04 de maio de 2018